

SÁBADOS DE MAÑÁ

COMUNICACIÓN

Desde o mes de xaneiro estase negociando en Mesa Sectorial a xornada dos sábados de mañá. A día de hoxe o Sergas non quixo negociar nada máis que para Médicos de Atención Primaria e non para o resto de categorías que fan mañás en AP nin para categorías de Hospital.

As alegacións de CCOO desde o inicio foron negociar para todos/as os /as traballadores e que os sábados foran voluntarios e incentivados.

Como o Sergas non o aceptou, desde CCOO non apoiamos a proposta que fixeron.

Na Mesa Sectorial de 7 de marzo de 2025, o Sergas emite unha Instrución para "Médicos de Familia" onde se recollen diferentes retribucións dos sábados de mañá según o número anual que se fagan.

As Xerencias están regulando a actividade dos sábados de mañá e diferenciando entre Guardias e Continuidade Asistencial.

CCOO volve a solicitar ó Sergas que a Instrucción emitida pola Dirección de RRHH do Sergas de Retribucións para Médicos de Familia que fan os sábados de mañán en Atención Primaria se lle aplique tamén ó persoal que realiza "Continuidade Asistencial" o sábado pola mañán de Atención Hospitalaria e tamén o a **tódalas categorías que fan os sábados pola mañá en **Atención Primaria**.**